

## ETAPA 6

Cando empeza a asistir a espectáculos queda fascinado polo Teatro do Morcego de Nikita Baliéff e sopesa a posibilidade de facer algo semellante aplicado ao folclore galego. De aí nace *Os vellos non deben de namorarse*, publicado en Bos Aires no ano 1944



Miñas donas e meus señores:

Axíña ides ver unha farsa en tres lances, na que se demostra que os vellos non deben de namorarse; pero non pensedes que a miña obra é de tesis. Non é de tesis, non. Trátase a penas dunha síntesis artística ou, máis ben, artimárea escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes: o boticario don Saturio, que non aturou a falcatruada de Lela e mátase con solimán da súa propia botica; e o fidalgo don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no esterco; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela mórrrese de felicidade...



## SOLUCIÓN

### FRASE:

S E AÍNDA SOMOS  
GALEGOS É POR OBRA E  
GRAZA DO IDIOMA

Castelao

Se Castelao levantase a cabeza...  
fliparía co tema do idioma



Feito por Rebe Lemat, IES Chan do Monte de Marín

## Reto CASTELAO



Ano 1921. Viaxa con Castelao por Francia, Bélxica e Alemaña e descubre os segredos agochados!!

## Instrucións do xogo

**Obxectivo:** descubre a frase agochada. Acompaña a Castelao na súa viaxe e vai descubrindo cada pista para completares as letras da frase misteriosa. Sé o primeiro ou primeira en saber que dicía Castelao!!

Debe completarse correctamente cada reto e demostrar a súa solución, aínda tendo a frase completada.



### ETAPA 1

26 de xaneiro de 1921

Castelao chega a París. Hospédase no Hotel Saint-Michel e desde o seu cuarto escoita o reloxo da Universidade da Sorbona. Nese cuarto atópouse, anos despois, a seguinte nota:

2134 - ESA

1435 - RDE

2210 - SEA

1725 - GRA

1010 - IST

### ETAPA 2

Castelao pasea diante da Torre Eiffel, da que afirma que é "un quindastre xigante moi feo, feito por un inimigo da arte". Refírese a:

ALEXANDRE GUSTAVE EIFFEL

2 3 4 1



### ETAPA 3

Castelao prefíre o París da arte, fronte o París turístico, dos cabarets e das postais da Torre Eiffel. Deléitase cos museos e a arte parisiña...



### ETAPA 4

Na catedral de Notre-Dame séntese inmensamente conmovido polas cores das vidreiras e rosóns e, sobre todo, coas gárgolas, que debuxa con ganas unha e outra vez no seu diario.



### ETAPA 5

O 15 de marzo vive unha aventura estrambótica. Coñece un home que afirma ser osteólogo e que vive nunha casa escura e miserable onde vende ósos humanos, caveiras e esqueletes. En palabras de Castelao: os mellores traballos deste home consisten en sacarlle a pel da cara a unha persoa e poñela despois enriba da súa mesma caveira con ollos de vidro. Este feito inspirou Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete.

